Cancioneiro Fake

Estrofas e peche **C – F – C – G**
Retrouso **F – C – G – Am / F – C – G – G**

Estrofa 1
C F C G

Estrofa 2
C – F – C – G
Nesta taberna da rede
venden verdades por litros,
e un veciño que comparte
bostas no medio do millo.
Se o dixo un vídeo curto
dun rapaz ben peiteado,
seguro que é verdade
que ben fala o condenado!

Retrouso
F C G Am
Ai, ai, ai!
no Cancioneiro Fake
cada quen conta o seu conto
non o podo crer!
Ai, ai, ai!
no Cancioneiro Fake
moitos seguen a corrente,
será certo ou será fake
C F C G

Estrofa 3
C – F – C – G
Ai, que ben soa a mentira
se a repiten sen parar,
se o algoritmo a bendice
xa non hai que dubidar.
Dálle “gústame” á parvada,
non te vaias complicar,
que se soa en todas partes
algo bo debe levar...

Retrouso
Repite o retrouso completo.

Estrofa 4
C – F – C – G
Din que os tolos dos labregos
non saben nin que pensar,
cos chourizos ben curados
esqueceron chatear...
Hai perfís con foto seria
que non pisan nin o bar,
pero que opinan de todo
sen ter terra que sachar.

Retrouso
F C G Am
Ai, ai, ai!
no Cancioneiro Fake
cada quen conta o seu conto
non o podo crer!
Ai, ai, ai!
no Cancioneiro Fake
moitos seguen a corrente,
será certo ou será fake

Final
C F C G
E mentres a gaita soa,
na festa da opinión,
cada quen coa súa verdade
brindando coa razón.
O labrego ben cansado
vai á taberna a tomar,
o seu viño e a partida,
nada lle ten que envexar!
F C G
nada lle ten que envexar!
nada lle ten que envexar!